

CONDUCIÓN DE GRUPOS A CABALO E COIDADOS EQUINOS BÁSICOS

1.- Estructura e procedemento da proba:

- A proba consta de dúas partes: Teórica (50% da nota) e Práctica (50%).

- A **parte teórica** constará de: 20 preguntas tipo test (40% da nota da parte teórica), 2 tarefas de completar (20%) e tres preguntas cortas (10%, 10% e 20% respectivamente).

Unha vez rematada desprazarémonos á hípica para realiza-la **parte práctica** que consistirá en: Inspección do cabalo para detectar posibles doenzas ou anomalías (5% da nota do práctico), limpeza e aseo do cabalo(10%), preparación do cabalo para a monta(20%), Cabalgar con soltura ós tres aires (Eliminatoria) (20%), Manexabilidade do cabalo ós tres aires (10%) condución do cabalo por terreos variados(20%), acometer obstáculos sinxelos(5%), controlar o cabalo desmontado e de reata(5%), conducir aun grupo de persoas ós tres aires(5%).

2.- Criterios de avaliación:

- Coñece-las partes do cabalo.
- Coñecer razas de cabalos e a tipoloxía idónea do cabalo de marcha.
- Coñece-lo comportamento do cabalo e aplicar os seus coñecementos ó manexo.
- Detección de síntomas e posibles doenzas.
- Coñece-la documentación necesaria para a realización dunha ruta a cabalo.
- Saber impartir nocións básicas para a realización dunha ruta a cabalo.
- Guiar a un grupo por un itinerario axeitado, cumprí-las normas de seguridade e determina-las instrucións ó grupo.
- Coñece-las características do cabalo e equipo idóneo para cada ruta e usuario. Uso e colocación do equipo.
- Coñecementos básicos sobre alimentación e coidado do cabalo.
- Cabalgar con soltura e equilibrio ós diferentes aires: ó paso, trote e galope. Realizar monta e desmonta dende o chan.